

Pregón das festas de San Ramón

Vilalba, 30 de agosto do 2017

Excelentísimo Alcalde de Vilaba, Concelleiros, Autoridades, Raíña das Festas, Damas de Honra, veciños e amigos. Boas tardes.

Antes de escomenzar este pregón das festas de San Ramón ídesme a permitir que faga unha breve introdución. Primeiro para dicir que é unha honra como vilalbés ter a oportunidade de dirixirme á vila onde nacín, ós meus veciños, os meus amigos e familiares, para expresar os sentimentos, as lembranzas e, sobre todo, tentar transmitir o que significan para min estas festas de San Ramón.

Precisamente por iso, i é a segunda cousa que vos quero adiantar, ídesme a permitir tamén que vos fale co corazón, na lingua que aprendín dos meus pais, de vosoutros, cometendo erros de emigrante derivados do meu galego non normativo, pero que aínda hoxe sigue a ser a lingua na que penso, na que soño e na que expreso os sentimentos máis profundos.

Tamén vos vou a pedir desculpas por adiantado por si nalgún momento me emocionoo. Vai a ser inevitable, sobre todo cando me lembre daqueles que xa non están con nos.

Sabedes que son unha persoa de números mais que de letras. Por iso non esperedes un pregón literario, nin retórico, nin moito menos brillante. Pero asegúrovos que será un pregón sinxelo, emotivo e, sobre todo, un recoñecemento a unha festa que, como veredes, marcou de forma decisiva a miña vida.

Sen pretender pecar de pretencioso, direi que poucas persoas viviron o San Ramón de forma tan intensa e desde perspectivas tan diferentes coma min. E iso é precisamente o que vou a tentar expresar neste pregón.

Empezarei a relatar o perfil mais festeiro, o mais común a tódolos vilalbeses. De neno, para min o San Ramón escomenzaba quince días antes, cando meu pai nos traía un cabrito coa intención de que o fose a alindar O Carreiro, a rúa do vello ambulatorio. Eses quince días eran extremadamente felices, pois o cabrito convertíase no meu amigo inseparable, hate que chagaba o momento cruel, cando meu pai cumpría coa misión de matarife, non sen antes encomendarme algún recado que me mantivera aleixado mentres procedía o sacrificio do animal.

O día 31, coas primeiras bombas de palenque (como rezaba sempre o programa das festas) e o primeiro pasarrúas, daba comezo o San Ramón. Sempre tiña algún primo na casa. Saíamos ó balcón no Campo de Puento a escoitar os gaiteiros e a banda de musica con emoción contida, sabedores de que se abría un pequeno parénteses onde os nosos país nos ían a deixar ser case homes: saír polas noites de verbena, fumar algún pitillo, brindar con "champán do Gaiteiro", e bailar agarrado coas rapazas.

Miña nai, antes de abrir a pastelería, organizaba dúas comidas, unha o día 31 o outra o día 1 de setembro, xuntando unhas 35 ou 40 persoas cada día, e tendo por única axuda as súas mans e as miñas pernas que so servían para facer os recados.

Meus tíos e primos ían chegando con unha precisa impuntualidade. Primeiro os de mais lonxe e o ultimo, coma sempre, meu tío Carlos, que con un aturuxo dende á rúa anunciaba que podía escomenzar unha comida que se prolongaba desde as 3 da tarde hate a verbena. Non hai moito, en Madrid, queixábase un Norteamericano do longas que eran as comidas en España. Eu díxenlle que na miña vila, en Galicia, tiña participado en algunha onde os comensales permanecían na mesa durante mais de 12 horas. O americano miroume con cara incrédula e mudou de conversa, convencido de que o seu español no eran tan bo como pensaba, pois non estaba a entender nada do que lle dicía.

Recordo que as comidas de San Ramón iniciábanse con entremeses variados e pastelós de carne e de bonito que facía miña mai. As conversas o principio eran triviales, mesturadas con risas inducidas por algún conto do meu tío Paulino, e na medida en que avanzaban ían subido de tono que solo conseguía apaciguarse cando chegaba a sopa que servía de interludio para dar paso o cocido e finalmente o asado, etapa onde as devanditas conversas voltábanse en apaixonadas discusións políticas, pois na miña familia estaba representado todo o arco parlamentario. O tono chegaba o cumio con algunha que outra descalificación, momento que algún dos presentes aproveitaba para entonar a primeira peza dun longo e variado repertorio. A apoteoses final chegaba cando todos xuntos cantábamos e bailábamos unha canción de autor descoñecido que tiña por única estrofa “maracumbé, maracumbé”.

Coido que este relato ben podería ser o de calquer veciño de Vilaba naquelas longas comidas de San Ramón. Na miña casa era, sen dubida, o momento mais emotivo, reflexo de tolerancia, cariño, e respecto á familia por riba de todo, que nos serviría inconscientemente ós mais novos como exemplo dos mellores principios e valores que nos deixaron os nosos pais por herencia.

Pero voltemos á festa. O San Ramón significaba para todos os rapaces e rapazas a primeira i efímera experiencia de liberdade que nos regalaban os nosos pais. Eramos nenos, que por milagre de San Ramón convertíamonos por unhos días en homes e mulleres, de tal xeito que podíamos atrevernos o que antes estaba absolutamente prohibido.

Co paso dos anos o San Ramón íría ganando intensidade nas nosas vidas. Así, os primeiros bailes deron paso os primeiros bicos e agarimos, que no meu caso marcaron a miña vida, pois daqueles momentos naceu o amor que aínda hoxe me acompaña.

E o mellor das festas quedaba pro final: A Xira, onde os nosos pais deixábanos ir de merenda cos amigos e amigas. Ai Dios.... canto amor e paixón se escondían detrás das carballeiras e permitían que non tiveramos frío naquelas frescas e húmidas noites nas que remataba o verao i eran o prelude do duro inverno que nos agardaba antes de que o cambio climático empezara a quentar o mundo.

Lémbrome das primeiras Xiras no chalé do Crespo. Alí quedei cautivado por unhos gaiteiros que me inocularon a paixón pola gaita. Tocaban pezas fermosas e descoñecidas, dunha forma sinxela, sen adornos nin florituras, pero extraordinariamente precisa, harmoniosa e delicada. Chamábanse Faiscas do Xiabre. Viñan dunha vila de Pontevedra que se chamaba Catoira. Unhos anos despois, como non nas festas do San Ramón, presentáronse de novo con outros compañeiros e outro nome: “Milladoiro”. Alí deu comezo outra etapa na miña vida que me deixou vencellado coa musica para sempre.

Dicía o escomenzar o pregón que poucos vilalbeses viviron as festas de San Ramón desde perspectivas tan diversas como este pegoero. Pois ben, sen dubida moitos recordaredes a pastelería dos meus pais. Traballaban a reo, sen descanso durante case 48 horas seguidas, orgullosos de poder endulzar as festas de case tódolos vilalbeses. Centos de roscós, tartas de almendra, brazos de xitano, miles de pasteis, roscas de San Ramón, cañas, milfollas.....Canto traballo....

A modo de anécdota direi que raramente os apuntes dos encargos coincidían cos nomes dos que os viñan a buscar, pois nin se nos pasaba pola imaxinación preguntar polo nome e o apelido do cliente e veciño, de forma que sempre se poñía na libreta dos encargos o nome asignado por bautismo popular: así aparecían nos listados Petapoucos, Fonteboas, Xamevous, Peneireiros, Gocendres, Greleiras, Xinetas, Taboadas,Pero cando viñan a recoller os encargos daban os seus nomes e apelidos, polo que outra vez tiña que obrar o milagre de San

Ramón, de tal xeito que podíamos identificar con precisión os encargos, independentemente dos nomes oficiais que nos daban e que, evidentemente, nada tiñan que ver co apuntado.

Cando me desapertaban meus pais pola mañá cedo esperábame unha cola de xente que chegaba mais aló do bar do Plácido, e atopar os encargos, servilos, empaquetalos de xeito que non se magoasen, foi a primeira gran responsabilidade profesional que tiven na miña vida e que hoxe recordo non sen certa angustia, pero que se vía recompensada polos sorrisos cómplices dos clientes, amigos e veciños todos eles que ese día pasaban pola pastelería para converter os pasteis e as tartas da miña nai no broche final das súas comidas de San Ramón.

Pero aínda queda outra experiencia que non podo esquecer, pois tamén tiven a honra de ser gaiteiro de pasarrúas e concertos. Aínda hoxe teño diante do meu escritorio unha foto daquela noite no Castelo. Din que ninguén é profeta na súa terra. No caso de Xorima este principio no foi certo, pois sempre tivemos o apoio incondicional da nosa xente de Vilalba. E aquel San Ramón dos anos oitenta , tocando con, Morón, Queno, Pernas e Xosé Ramón, puxemos a banda sonora a unha noite inesquecible, enmarcada no Castelo de Andrade, na que posiblemente fora a primeira vez en séculos que abrise as súas portas de ferro á xente de Vilalba para escoitar xuntos un concerto baixo a Torre do Homenaxe.

Foi tal o éxito daqueles concertos que meu pai temeu que deixara de estudar para dedicarme, como él decía, “á chiflería”. Por iso, colleume un día polo brazo e moi serio espetoume: *“mira Lalo, si queres vivir da gaita vas a ter que ser o mellor, mentres que si estudias e acabas a carreira, aínda que sexas o mais malo non che vai faltar traballo ...”*. Eran outras épocas, pero a sentenza foi tan clara, rotunda e convincente, que ese mesmo ano deixei os concertos, non así a música, que espero non me abandone hate o día da miña morte.

Todo o que vos acabo de relatar de forma comprimida é moito mais que unha simple recompilación de lembranzas. Como podedes ver, para min O San Ramón é a expresión do subconsciente colectivo vilalbés que o longo dos séculos foise transmitindo de pais a fillos. O valor da familia, a amizade, a festa, a música, o sentido de identidade, tamén o traballo....

Posiblemente os vilalbeses que vivimos fora sexamos os que mais apreciamos o significado destas festas, pois é o único día do ano onde temos a oportunidade de xuntar e saudar os nosos parentes e amigos, conversar, rir e chorar xuntos. Os que estamos a centos ou miles de quilómetros sabemos ben o que iso significa. Sobre todo cando chegaba o día 31 e non podíamos estar cos nosos por mor do traballo.

Pero non quero limitarme a lembrar o pasado, tamén quero falar de futuro, pois seríamos egoístas se non pensásemos nos que veñen detrás. Preocúpame que se vaian os mais xóvenes, como me fun eu un día, e teño que confesar unha certa envexa daquelas vilas ou cidades nas que se quedan os mais novos porque ven expectativas para forxar o seu futuro. Nada me faría mais feliz que poder votar unha man para contribuír dalgunha maneira a corrixir esta situación e que sigamos festexando por moitos anos, xeración tras xeración, o noso San Ramón.

E remato falando de presente. Pois non son dos que pensa que calquer pasado foi mellor, senón que creo que o pasado debe servir para continuar disfrutando do presente e valorar na súa xusta medida as cousas mais sinxelas, que sen dubida serán as que lembraremos antes de morrer como as que marcaron as nosas vidas e nos fixeron ser o que somos. Porque daquelas festas, daquel neno despachando pasteis, daquel gaitero tocando polas rúas de Vilalba, saíu este pregoeiro, cos seus defectos e virtudes.

Fora aprendín moitas cousas e coñecín a moita xente boa, pero na miña vila forxáronse os meus fundamentos e recibín os bens maispreciados.

Amigos, veciños vilalbeses, moitas grazas por haberme escoitado e por haberme dado a oportunidade de expresar con este pregón tantos sentimentos e lembranzas.

Hoxe son un home feliz, pero a felicidade no é plena se non se comparte. Ese é o espírito do San Ramón, compartir os momentos mais fermosos coa familia, cos amigos, es cos veciños. Por iso, todos xuntos, fundámonos nun berro:

¡¡¡VIVA San Ramón!!!!